

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15018148	CPI de Atios	Valdoviño	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación en Valores Cívicos e Éticos	3º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	16
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	20

1. Introducción

A presente PD está enmarcada no Decreto 156/2022, do 15 de setembro (DOG do 26/09/2022), polo que se establece a ordenación e o currículo da Ed. Secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia e o seu obxectivo é desenvolver, e adaptar á realidade do noso centro, os preceptos neste recollido.

O CPI de Atios atópase no lugar de Atios, na parroquia de Valdoviño, no concello de do mesmo nome.

O Concello de Valdoviño ten 6.594 habitantes, repartidos entre 8 parroquias, e todas elas nutren de alumnado ó noso centro.

É un concello de diversidade natural e patrimonial, centrando a súa economía no sector terciario, xa que é receptor dunha importante cantidade de turismo, e cunha achega relevante do sector primario.

No presente curso 2023- 24, o número de alumnas/os de ESO en 3º da ESO, é de 57 alumnos/as.

A materia de Educación en Valores Cívicos e Éticos, supón un maior nivel de afondamento e desenvolvemento dos catro ámbitos competenciais fundamentais sobre os cales se organizaba, como área, na educación primaria. O primeiro é o do autoconhecimento e o desenvolvemento da autonomía moral. O segundo atende á comprensión do marco social de convivencia e ao compromiso ético cos principios, valores e normas democráticas que o rexen. O terceiro refírese á adopción de actitudes compatibles coa sustentabilidade da contorna desde o entendemento da nosa relación de inter e ecodependencia con el. E, finalmente, o cuarto, máis transversal e dedicado á educación das emocións, ocúpase de desenvolver a sensibilidade e a conciencia e xestión dos afectos no marco da reflexión sobre os valores e os problemas éticos, cívicos e ecosociais. Pola súa vez, cada un destes ámbitos competenciais desenvólvese en dous niveis integrados: un máis teórico, dirixido á comprensión significativa dos conceptos e cuestións máis relevantes da materia; e outro, máis práctico ou instrumental, orientado a promover, desde a reflexión crítica e o diálogo argumentativo, condutas e actitudes acordes con aqueles valores éticos, cívicos e ecosociais que orientan á convivencia.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Inquirir e investigar canto se refire á identidade humana e a cuestións éticas relativas ao propio proxecto vital, analizando criticamente información fiable e xerando unha actitude reflexiva respecto diso, para promover o autoconhecimento e a elaboración de formulacións e xuízos morais de maneira autónoma e razoada.	2				1	1-2-3		
OBX2 - Actuar e interactuar de acordo con normas e valores cívicos e éticos, a partir do recoñecemento fundado da súa importancia para regular a vida comunitaria e a súa aplicación efectiva e xustificada en distintos contextos, para promover unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común.	5	3		3		1-2-3-4		1
OBX3 - Entender a natureza interconectada e inter e ecodependente das actividades humanas, mediante a identificación e a análise de problemas ecosociais de relevancia, para promover hábitos e actitudes eticamente comprometidos co logro de formas de vida sustentables.			5		2	1-2-3-4	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Mostrar unha adecuada estima de si mesmo e da contorna, recoñecendo e valorando as emocións e os sentimentos propios e alleos, para lograr unha actitude empática e coidadosa con respecto aos demais e á natureza.	1				1-2-3	1-3		3

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A ética e o ser humano (I)	Unidade introdutoria sobre o valor da Ética e a súa relación coas persoas	14	4	X		
2	A ética e o ser humano (II)	Unidade centrada na relación entre a ética e as accións humanas, especialmente no campo do Dereito	16	6	X		
3	Ser humano, política e democracia	Unidade dedicada ao nacemento da sociedade e á conexión entre a Ética e a política	16	6	X	X	
4	Dereitos Humanos, igualdade e pluralidade	Unidade centrada na Declaración dos Dereitos Humanos e a Igualdade de Xénero	20	7		X	
5	Cidadanía e democracia actual	Unidade dedicada aos desafíos da sociedade actual na busca da xustiza e seguridade	14	4		X	X
6	O ser humano e o medio ambiente	Unidade centrada na contribución da ética na relación entre o ser humano e a natureza	20	8			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A ética e o ser humano (I)	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Construír e expresar un concepto axustado de si mesmo recoñecendo as múltiples dimensións da súa natureza e personalidade, así como da dimensión cívica e moral desta, a partir da investigación e do diálogo arredor de diversas concepcións sobre a natureza humana.	Construír un concepto sobre si mesmo recoñecendo algunhas dimensións da súa personalidade	TI	100
CA1.2 - Identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos con comprensión e empatía cara ás demais persoas, demostrando autoestima e compartindo un concepto adecuado do que deben ser as relacións con outras persoas, incluíndo o ámbito afectivo-sexual.	Identificar e comunicar afectos e desexos con comprensión e empatía cara as demais persoas		
CA1.3 - Desenvolver e demostrar autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais, arredor de distintos valores e modos de vida, así como a problemas relacionados co exercicio dos dereitos individuais, o uso responsable e seguro das redes, as condutas adictivas e o acoso escolar.	Desenvolver autonomía moral mediante o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais		
CA1.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, estima e coidado de si mesmo e das demais persoas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A ética dentro do conxunto de saberes filosóficos. - O obxecto da ética. - A aplicación da ética: a orientación para a resolución de problemas complexos sobre como actuar. - A natureza humana. - Liberdade e moralidade como características especificamente humanas. - A identidade persoal, o cruzamento de camiños entre a natureza, a crianza e o proxecto vital. - A educación de emocións e sentimentos. - A autoestima persoal. - A igualdade e o respecto nas relacións con outras persoas. - A educación afectivo-sexual.

UD	Título da UD	Duración
2	A ética e o ser humano (II)	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Construír e expresar un concepto axustado de si mesmo recoñecendo as múltiples dimensións da súa natureza e personalidade, así como da dimensión cívica e moral desta, a partir da investigación e do diálogo arredor de diversas concepcións sobre a natureza humana.	Construír un concepto sobre si mesmo recoñecendo algunhas dimensións da súa personalidade	TI	100
CA1.3 - Desenvolver e demostrar autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais, arredor de distintos valores e modos de vida, así como a problemas relacionados co exercicio dos dereitos individuais, o uso responsable e seguro das redes, as condutas adictivas e o acoso escolar.	Desenvolver autonomía moral mediante o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais		
CA1.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, estima e coidado de si mesmo e das demais persoas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Análise das accións. - Os motivos da acción: desexos e razóns. - A vontade como razón práctica. - A autonomía da vontade. - A responsabilidade das accións. - A ética e as éticas como guías das nosas accións. - O xuízo moral: as normas, o valor e o valioso, as virtudes, os sentimentos morais. - Universalismo e pluralismo moral. - Éticas da felicidade, éticas do deber, éticas da virtude. - Ética e dereito. - Semellanzas e diferenzas entre ética e dereito. - O conflito lexitimidade-legalidade.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A obxección de conciencia. - Os dereitos individuais e os deberes cidadáns. - O debate sobre a liberdade de expresión. - A ética na sociedade actual. - O problema da desinformación. - A protección de datos e o dereito á intimidade. - O ciberacoso e outras formas de violencia nas redes sociais. - As condutas adictivas.

UD	Título da UD	Duración
3	Ser humano, política e democracia	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos.	Mostrar unha actitude pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común	TI	100
CA2.2 - Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas, planificar accións coordinadas e resolver problemas aplicando procedementos e principios cívicos, éticos e democráticos explícitos.	Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática, participando de xeito respectuoso nas actividades do grupo		
CA2.3 - Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica.	Amosar certo compromiso activo co ben común mediante a toma de posición razoada arredor de cuestións éticas de actualidade		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través da análise e recoñecemento da historia democrática do noso país e das funcións do estado de dereito e as súas institucións, os organismos internacionais, as asociacións civís e os corpos e forzas de seguridade do Estado, no seu empeño por lograr a paz e a seguridade integral, atender as vítimas da violencia e promover a solidariedade e cooperación entre as persoas e os pobos.	Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través do recoñecemento da historia democrática do noso país e das funcións do Estado de dereito e das súas institucións		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A sociedade humana: natureza e orixe. - As estruturas sociais e os grupos de pertenza. - Cooperación e altruísmo fronte a competencia e egoísmo. - A convivencia social. - As virtudes do diálogo e as normas de argumentación. - A resolución pacífica de conflitos. - A empatía cos demais. - A política. - Conceptos clave: lei, poder, soberanía, xustiza e dignidade. - Formas de Estado e tipos de goberno. - A democracia: principios, procedementos e institucións. - O Estado español como estado social e democrático de dereito. - Valores constitucionais. - A memoria democrática. - A participación democrática: ser cidadáns. - Outras formas de participación social: o asociacionismo e o voluntariado.

UD	Título da UD	Duración
4	Dereitos Humanos, igualdade e pluralidade	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos.	Demostrar unha actitude pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común		
CA2.2 - Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas, planificar accións coordinadas e resolver problemas aplicando procedementos e principios cívicos, éticos e democráticos explícitos.	Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática, participando de xeito respectuoso nas actividades do grupo		
CA2.3 - Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica.	Amosar certo compromiso activo co ben común mediante a toma de posición razonada arredor de cuestións éticas de actualidade	TI	100
CA2.4 - Tomar consciencia da loita por unha efectiva igualdade de xénero e do problema da violencia e explotación sobre as mulleres, a través da análise das diversas xeracións e correntes do feminismo e das medidas de prevención da desigualdade, a violencia e a discriminación por razón de xénero e orientación sexual, mostrando igualmente coñecemento dos dereitos LGTBIQ+ e recoñecendo a necesidade de respectalos.	Tomar consciencia da loita pola igualdade efectiva de xénero e do problema da violencia sobre as mulleres		
CA2.5 - Contribuír activamente ao benestar social adoptando unha posición propia, explícita, informada e eticamente fundamentada sobre o valor e pertinencia dos dereitos humanos, o respecto pola diversidade etnocultural, a consideración dos bens públicos globais, a percepción do valor social dos impostos.	Contribuír ao benestar social adoptando unha posición propia e eticamente comprometida sobre o valor dos Dereitos Humanos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os dereitos humanos. - Referente moral da democracia e a xustiza social. - Xeracións e historia dos dereitos humanos. - Dereitos da infancia. - Os dereitos económicos, sociais e culturais: o dereito ao traballo, á saúde, á educación e á xustiza. - A igualdade de xénero.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As diversas ondas e correntes do feminismo. - A prevención da explotación e a violencia contra nenas e mulleres. - A corresponsabilidade nas tarefas domésticas e de coidados. - A sociedade e a cidadanía plural. - O interculturalismo. - A inclusión social e o respecto pola diversidade e as identidades étnico-culturais e de xénero. - Os dereitos LGTBIQ+.

UD	Título da UD	Duración
5	Cidadanía e democracia actual	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos.	Demostrar unha actitude pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común	TI	100
CA2.3 - Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica.	Amosar certo compromiso activo co ben común mediante a toma de posición razonada arredor de cuestións éticas de actualidade		
CA2.6 - Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través da análise e recoñecemento da historia democrática do noso país e das funcións do estado de dereito e as súas institucións, os organismos internacionais, as asociacións civís e os corpos e forzas de seguridade do Estado, no seu empeño por lograr a paz e a seguridade integral, atender as vítimas da violencia e promover a solidariedade e cooperación entre as persoas e os pobos.	Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través do recoñecemento da historia democrática do noso país e das funcións do Estado de dereito e das súas institucións		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A procura da xustiza social.

Contidos

- A desigualdade económica e a loita contra a pobreza.
- Globalización económica e bens públicos globais.
- O comercio xusto.
- O valor social dos impostos.
- A convivencia pacífica e segura.
- A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia política.
- A atención ás vítimas da violencia.
- Accións individuais e colectivas en favor da paz.
- A contribución do Estado e os organismos internacionais á paz, á seguridade integral e á cooperación.
- O dereito internacional e a cidadanía global.
- As forzas armadas e a defensa ao servizo da paz.
- O papel das ONG e das ONGD na loita pola paz.
- Os desafíos da democracia actual.
- Os códigos deontolóxicos.
- As éticas aplicadas.
- Fins e límites éticos da investigación científica. A bioética.
- O desafío da intelixencia artificial.
- As propostas transhumanistas.

UD	Título da UD	Duración
6	O ser humano e o medio ambiente	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Describir as relacións históricas de interconexión, interdependencia e ecodependencia entre as nosas vidas e a contorna a partir da análise das causas e consecuencias dos máis graves problemas ecosociais que nos afectan.	Describir algunhas das relacións históricas de interdependencia entre as nosas vidas e a contorna	TI	100
CA3.2 - Valorar distintas formulacións científicas, políticas e éticas coas que afrontar a emerxencia climática e a crise ambiental a través da exposición e o debate argumental arredor destas.	Valorar algunhas formulacións éticas relacionadas coa emerxencia climática e a crise ambiental		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Promover estilos de vida eticamente comprometidos co logro dun desenvolvemento sustentable, contribuíndo por si mesmo e na súa contorna ao tratamento preventivo dos residuos, a xestión sustentable dos recursos, a mobilidade segura, sustentable e saudable, o comercio xusto, o consumo responsable, o coidado do patrimonio natural, o respecto pola diversidade etnocultural, e o coidado e protección dos animais.	Promover estilos de vida eticamente comprometidos co logro dun desenvolvemento sustentable		
CA3.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si mesmo e dos outros, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si mesmo e dos outros		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Vida responsable co contorno e protección do medio ambiente. - Percorrido crítico sobre as diferentes formas de relación do ser humano coa natureza ao longo da historia e a pegada ecolóxica das accións humanas no planeta. - Empatía e responsabilidade co contorno: interdependencia, interconexión e ecodpendencia. - A protección do medio ambiente e os dereitos para coa natureza: dereitos humanos de terceira xeración. - Consumo responsable para unha vida sustentable no planeta. - Os límites do planeta e o esgotamento dos recursos. - Obxectivos do desenvolvemento sustentable: axenda cara a 2030 para un planeta sustentable. - Economía sustentable e ecolóxica na globalización, e nova lóxica do crecemento: economía circular e economía azul. - Hábitos para unha xestión adecuada dos recursos e tratamento preventivo dos residuos. A mobilidade segura, saudable e sustentable. - Consumo responsable e soberanía alimentaria. - Propostas científicas e ético-políticas arredor dos problemas ecosociais. - Xustiza ecolóxica. - Ética medioambiental: ecocentrismo, biocentrismo e extensionismo. - Ecofeminismo e ética do coidado. - Protección e dereitos dos animais. - Valores éticos e democráticos como fundamento para unha conduta empática e respectuosa cara aos animais. - O ser humano como animal político: dereitos humanos da solidariedade para unha conduta cos animais baseada en dereitos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Consideramos que neste nivel da educación obrigatoria é necesario priorizar as estratexias metodolóxicas de carácter motivador, que estimulen o interese do alumnado polos temas tratados na materia.

Para iso, as Unidades Didácticas desenvolveranse por medio dunha metodoloxía esencialmente activa, limitándose ó máximo a exposición maxistral, que se tentará reducir á explicación dos conceptos máis confusos, buscando a participación constante do alumnado na construción dos coñecementos. Para iso, farase unha lectura das unidades didácticas, fomentando tamén a competencia clave lingüística, e procederase á conseguinte explicación por parte do/da docente.

Esta explicación, poderá verse enriquecida con documentos de diversa índole, tanto escritos, coma audiovisuais.

Esta materia facilita tamén o dar unha aplicación práctica ós temas, partindo no posible do seu contorno inmediato, da realidade que eles/as coñecen, e evitando que lles resulten afastados ou carentes de interese.

Na aula alternaranse os traballos e actividades individuais cos desenvolvidos en pequeno e gran grupo, facilitando a comunicación entre o alumnado e a súa participación na clase.

Potenciaranse as estratexias de busca e tratamento da información, tanto escrita -prensa, manuais, monografías, etc. - como oral ou visual -medios de comunicación, diapositivas, etc.-

Dentro de cada unidade comezarase sempre por explorar os coñecementos previos sobre o tema: tormentas de ideas, preguntas na aula..., e a continuación daranse a coñecer os obxectivos da unidade para que o alumnado saiba o que se pretende conseguir en cada momento.

Tentarase ademais atender a cada alumno/a de forma individualizada, e flexibilizar o traballo adaptándose ós distintos ritmos dos rapaces e rapazas. Consideramos necesario permitirlles ó alumnado que afonden naqueles aspectos que lles resulten máis interesantes da materia, e que aporten en todo momento as súas opinións sobre o desenvolvemento dos contidos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntamentos do docente
Edixgal
Fichas
Caderno do alumnado
Material audiovisual

Hoxe en día contamos cunha grande diversidade de recursos pedagóxicos para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar.

O libro de texto é un importante apoio para o profesorado e para o alumnado xa que aglutina todas as unidades que se van traballar ao longo do curso e terase en conta, pero non se escolleu un libro fixo, senón que o docente irá facilitando material, podendo ter algún libro de texto como referencia non fixa.

Empregarase fundamentalmente, material elaborado polo docente, ao que se poderá acceder a través da plataforma de aprendizaxe Edixgal, onde se poderán programar traballos e actividades (visualizar vídeos, realizar tarefas interactivas...) que enriquezan a didáctica.

O alumnado precisará doutros materiais complementarios, como monografías, pequenas bibliotecas de aula, etc... que en cada momento lles serán indicados polo profesorado.

Ademais, dada a importancia social que teñen os medios de comunicación na actualidade, á que se une o seu compoñente motivador, farase imprescindible o uso da prensa escrita para ser empregada na análise de informacións, para recompilar datos, etc...

Outro tanto podemos dicir dos medios audiovisuais tradicionais (DVD, lector de CD, encerado dixital) e das novas tecnoloxías da información e a comunicación que resultan especialmente motivadores no caso de alumnado con

dificultades de aprendizaxe de tarefas específicas. Destacaremos o uso de Internet como fonte de información e como recurso didáctico.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Partiremos dunha avaliación inicial coa que pretendemos valorar os coñecementos previos e os esquemas mentais do alumnado. Un instrumento desta avaliación pode ser unha proba inicial ou preguntas orais, que nos oriente cara ao establecemento das estratexias de aprendizaxe e a realización das actividades máis axeitadas, para a total e correcta consecución dos obxectivos previstos.

Deste xeito, e tamén antes de comezar unha unidade didáctica, farase unha tormenta de ideas ou pequenas preguntas recordatorio, destinadas a enlazar o xa aprendido co que se vai a aprender.

A consecuencia dos resultados obtidos polo alumnado, a partir da realización de ditas probas, adoptaranse as medidas oportunas para facilitar o proceso de ensinanza aprendizaxe.

O mecanismo para comunicarse coas familias, será as respectivas titoras/es, priorizando, tal e como se establece nas distintas ordes que rexen esta programación, os contactos a través das canles telemáticas.

De tódolos xeitos, contéplase que se podan adoptar medidas organizativas, ou curriculares, en función das necesidades de dito alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	14	16	16	20	14	20	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Tódolos contidos, están enlazados coas competencias clave, nos criterios de avaliación e os obxectivos da materia.

E para calquera deles, establécense os seguintes graos de concreción:

Excelente: o alumnado comprende e executou de forma global, clara e con detalle os termos do CA sen ningún tipo de erro nin omisión. Cualificación: 4/4

Bo: o alumnado comprende e executou de forma global e clara os termos do CA, incorrendo nalgún tipo de erro ou omisión non substancial. Cualificación: 3/4

Elemental: o alumnado comprende e executou de forma básica o CA, incorrendo nalgún tipo de erro ou omisión. Cualificación: 2/4

Insuficiente: o alumnado non comprende nin executou o CA presentando moitos erros significativos ou omisións substanciais. Cualificación: 1/4

Non realizado: o alumnado non executou o CA. Cualificación: 0

Establécese unha correspondencia numérica entre o grao de consecución dos CA e a cualificación deste tipo de saberes.

Por exemplo, se unha pregunta dunha proba escrita se puntúa sobre 1, o grao de concreción do CA avaliado, estará entre 0 / 0,25 / 0,5 / 0,75 ou 1, aplicando a relación anterior.

O instrumento empregado para valorar os criterios de cualificación será:

Táboas de indicadores:

Realizadas durante o período de tempo que comprenda o trimestre. Para valoralas, terase en conta:

- a correcta execución das actividades feitas no caderno, cunha presentación nunhas condicións mínimas de organización, limpeza, lexibilidade e composición correctas

- a valoración de pequenos traballos de investigación, redaccións ou calquera outro tipo de exercicios propostos polo docente para a súa realización fóra ou dentro da aula

- actitudes amosadas ante os distintos contidos, tanto en tarefas coma no día a día na aula

A nota destas táboas suporá o 100 % da nota final de trimestre.

Poderá restarse puntuación por faltas de ortografía, expresión e puntuación, en caso de que se produzan moitas, e sempre e cando a docente o crea necesario e eficaz para poder emendar a situación.

A cualificación trimestral obterase sumando a nota media das táboas que se foron realizando ao longo do trimestre, cun valor equivalente ao 100%.

A cualificación trimestral será positiva, cando a nota resultante da suma da media das táboas de indicadores, sexa de polo menos cinco puntos (5).

Como o rexistro da nota numérica en XADE, esixe o uso dun número enteiro, dita nota obterase coa utilización do redondeo:

- se a suma final obtida é un número enteiro, esa mesma será utilizada.

- se a suma final obtida é un número decimal, redondearase ó enteiro superior no caso de que os decimais teñan un valor igual ou maior de cincuenta e cinco (exemplo: 6,55 ou 7,8 transcribíranse nas actas cun 7 ou un 8 respectivamente).

- redondearase ó enteiro inferior sen decimais no caso de que estes teñan un valor inferior a 55 (exemplo: 6,5 ou 7,3 transcribíranse como un 6 ou un 7 respectivamente).

A cualificación final do curso obterase achando a nota media das tres avaliacións, sempre e cando, ningunha delas fóra cualificada con menos de 4. Nese caso, a cualificación final será insuficiente.

A cualificación final será positiva, cando esa nota media sexa de, polo menos, cinco puntos (5).

Como o rexistro da nota numérica en XADE, esixe o uso dun número enteiro, dita nota obterase coa utilización do redondeo:

- se a nota media obtida é un número enteiro, esa mesma será utilizada.

- se a nota media obtida é un número decimal, redondearase ó enteiro superior no caso de que os decimais teñan un valor igual ou maior de cincuenta e cinco (exemplo: 6,55 ou 7,8 transcribíranse nas actas cun 7 ou un 8 respectivamente).

- redondearase ó enteiro inferior sen decimais no caso de que estes teñan un valor inferior a 55 (exemplo: 6,5 ou 7,3 transcribíranse como un 6 ou un 7 respectivamente).

En caso de que algunha alumna ou alumno non compareza ás pertinentes entregas de tarefas e non xustifique a ausencia de maneira debida, non poderá repetir a entrega, obtendo unha avaliación negativa nela, e consignarase coma un cero (0).

En caso de que xustifique a ausencia, aportando unha documentación válida a criterio da docente, realizarase a entrega o día da súa incorporación e, unha vez comprobada e aceptada a xustificación, procederase a cualificar a tarefa.

Cráterios de recuperación:

Cando unha avaliación trimestral sexa negativa, o alumnado terá a oportunidade de recuperala, preferentemente despois do período vacacional correspondente. Para dita recuperación, realizarase unha tarefa ou tarefas de similares características que as trimestrais, e avaliaranse os mesmos contidos que ao longo do trimestre a recuperar. De igual maneira que aquelas tarefas ou actitudes que necesiten ser recuperadas, e que foran cualificadas a través das táboas de indicadores.

En caso de que tras a recuperación da avaliación, continúe con cualificación negativa, poderá realizar unha tarefa final no mes de xuño, para recuperar aquelas avaliacións que consten como suspensas. En dita tarefa, avaliaranse os mesmos contidos que ao longo do ou dos trimestres a recuperar.

Ditas tarefas de recuperación trimestrais e de xuño, serán cualificadas coma APTA ou NON APTA. En caso de ser apta, coma nota numérica consignarase cun 5. En caso de non apta, consignarase a nota que xa se establecera na avaliación trimestral, para calcular a nota a recoller en XADE coma nota final ordinaria.

En ditas recuperacións, nas que aparecerán tarefas correspondentes á materia dos parciais trimestrais, deben completalos correctamente nun número proporcional, non podendo deixar en branco todas as tarefas dun parcial. Por exemplo, unha alumna/o que teña que recuperar a 1ª avaliación, a través dunha tarefa de 10 exercicios, onde cinco corresponden ao 1º parcial e cinco ao 2º parcial, non tería aprobado se só realizase os cinco primeiros; debe realizar, cando menos dous de cada. En caso contrario, a tarefa avaliarase coma non apta, e consignarase un 4.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado con materias pendentes, terá a opción de escoller dous tipos de avaliación, segundo o crean conveniente.

Para a elección, enviarase unha circular ás súas familias a principio de curso explicando os dous procedementos, e deberá vir de volta asinada de conforme entenden os dous, están de acordo coa escolla feita polo alumnado e están ao tanto dos prazos de entrega en caso de entregar os boletíns periódicos.

Na primeira modalidade, combinarán a realización de traballos prácticos ó longo do curso que se recollerán periodicamente (novembro, xaneiro e marzo), con exames parciais e un exame final que se levará a cabo no mes de maio, para poder recuperar algún dos parciais suspensos.

O programa de traballo, estará baseado nos contidos traballados polo alumnado durante o curso pasado. As actividades propostas serán divididas por unidades repartidas en cadernos de traballo. Unha vez realizadas serán entregadas, dentro dos prazos estipulados, para a súa corrección e puntuación.

O profesorado que imparta as respectivas materias, ou a xefatura de departamento, será o encargado de supervisar as distintas actividades de avaliación encamiñadas á superación da materia pendente, e resolverá as dúbidas que o alumnado poida presentar con respecto ós exercicios a entregar ou entregados.

A entrega correcta e dentro dos prazos previstos dos traballos encomendados ao alumnado, suporá un 40% da nota trimestral.

Os exames parciais que se realizarán trimestralmente, suporán o 60% restante da nota. Dito exame, versará sobre os contidos traballados nos cadernos de actividades trimestrais.

A cualificación final da materia pendente, obterase achando a nota media obtida en cada recuperación trimestral, sempre e cando, ningunha delas fora cualificada con menos de 4. Nese caso, a cualificación final será insuficiente.

Para que a materia se considere superada, deberá obter en total e como mínimo, cinco puntos (5). A materia cualificarase coma APTA ou NON APTA, consignando no XADE cinco puntos (5).

Na circunstancia de que o alumnado que escolleu a avaliación combinada, non fixese un ou dous dos cadernos, poderá acollerse á avaliación só por exame, para facilitarlle a superación da materia.

Igualmente, poderá presentarse ao exame de maio, para recuperar algunha das cualificacións trimestrais negativas.

A segunda modalidade, será a realización unicamente de exames parciais e outro exame final que se levará a cabo no mes de maio, para poder recuperar algún dos parciais suspensos. Estes exames ou probas, suporán o 100 % da nota final.

Buscamos deste xeito, que o alumnado poda escoller a modalidade que mellor se axeite ás súas capacidades e/ou circunstancias, e poda así, superar a materia pendente.

A cualificación final da materia pendente, obterase achando a nota media obtida en cada recuperación trimestral, sempre e cando, ningunha delas fora cualificada con menos de 4. Nese caso, a cualificación final será insuficiente.

Para que a materia se considere superada nesta modalidade, deberá obter como mínimo, cinco puntos (5). A materia cualificarase coma APTA ou NON APTA, consignando no XADE cinco puntos (5).

En calquera das dúas modalidades, en caso de cualificación negativa no mes de maio, o alumnado poderá presentarse a un exame de avaliación ordinaria en xuño. Ao alumnado que tivera escollida a modalidade de entrega de traballos trimestrais, conservaránselle as cualificacións positivas que obtivera nos distintos trimestres.

6. Medidas de atención á diversidade

Neste nivel educativo é máis frecuente que nos cursos de Primaria a existencia de alumnos e alumnas con moi diferentes necesidades educativas debido ás súas diversas capacidades, motivacións, estilos de aprendizaxe e intereses.

Por iso é necesario ofrecer diferentes respostas dentro da aula, que se poden concretar nos seguintes aspectos:

No referido ós obxectivos didácticos, procuraremos que haxa un equilibrio entre os distintos tipos de capacidades a desenvolver, de forma que o alumnado atope diferentes vías para alcanzar os mesmos obxectivos. Por exemplo:

Capacidades cognitivas: obxectivos referidos a identificar, recoñecer, etc.

Capacidades afectivas: obxectivos referidos á valoración e aprecio do patrimonio, de actitudes cívicas, habilidades sociais...

Capacidades de inserción social: obxectivos orientados á valoración das repercusións de diversos feitos, á mellora do contorno social, etc.

Capacidades de relación interpersoal: realización de tarefas en grupo, participación en debates, etc.

Ademais disto priorizaranse as capacidades transversais, de forma que o alumnado que non consigan algún obxectivo

da etapa a través da materia de Xeografía e Historia, poida facelo a través doutras.

No referido os contidos tentarase:

- Fixar prioridades, é dicir, distinguir entre os contidos substanciais, que resulta básico aprender, e outros contidos accidentais que poden ser complementarios dos anteriores.
- Establecer un equilibrio entre os distintos tipos de contidos (conceptos, procedementos e actitudes) tal e como se fixo cos distintos tipos de capacidades nos obxectivos didácticos.

Na avaliación procuraremos:

Deseñar distintos niveis de complexidade, diferenciando tres graos de dificultade:

1. Que recoñeza e identifique
2. Que analice e valore
3. Que analice e valore criticamente a información

Tentarase que cada alumno/a alcance os tres niveis, pero o grao de abstracción e dificultade de cada un permitirá diversificar os resultados do alumnado.

Partindo das avaliacións iniciais en cada unidade e ao principio do curso considerarase a necesidade de utilizar reforzos ou exercicios complementarios.

Utilizaranse estratexias de avaliación variadas, como expoñemos no apartado de avaliación, para contribuír á atención á diversidade.

Por último, hai unha serie de medidas de aula que favorecen o desenvolvemento da diversidade e que en parte sinalamos no apartado de metodoloxía:

- Uso de metodoloxías diversas, combinando os métodos de exposición e indagación.
- Actividades diferenciadas segundo a posibilidade de alcanzar un grao ou outro de afondamento nos obxectivos.
- Materiais non homoxéneos, combinando o libro de texto ou as monografías específicas con medios audiovisuais que contribúan a reforzar a motivación ou a aportar tarefas específicas a alumnado con dificultades de aprendizaxe.
- Agrupamentos flexibles, de forma que o alumnado poida ser cambiado de lugar en función das necesidades da clase, sobre todo para o traballo en pequeno e gran grupo.
- Utilización de ritmos distintos, acordes coas capacidades e posibilidades dos alumnos e alumnas.

Finalmente, para aquel alumnado que non consiga acadar os obxectivos mínimos a través de todas estas medidas ordinarias de aula, recorrerase a:

- Reforzos educativos, consistentes na explicación personalizada da materia coa realización de exercicios específicos. O alumnado que precise dun reforzo, haberá de alcanzar en calquera caso os obxectivos mínimos da materia para obter unha avaliación positiva.
- Adaptacións curriculares individualizadas, realizadas en colaboración co Departamento de Orientación e que poderán incidir tanto nos contidos como na metodoloxía e mesmo nos obxectivos, con probas deseñadas particularmente para os alumnos e alumnas que o necesiten.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora, expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual e competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para a saúde	X					X
ET.6 - Concienciación e formación sobre o cambio climático	X					X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.7 - Prevención e resolución pacífica de conflitos			X	X	X	
ET.8 - Respeto polo Estado de dereito			X			

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita á Cociña Económica de Ferrol, algún centro xeriátrico, protectora animais...	<p>¿ Obxectivos - Construír un código ético de valores e normas que determinen as súas decisións. - Comprender a vida como un proxecto persoal fundamentado nos valores éticos libremente elixidos. - Contribuír á construción dun mundo baseado na xustiza, a igualdade, a liberdade e a paz. - Recoñecer os dereitos humanos como referencia universal para superar conflitos, defender a igualdade, o pluralismo político e a xustiza social. - Desenvolver o espírito crítico e argumentativo. ¿ Data: ao longo de todo o curso ¿ Lugar de realización: Ferrolterra ¿ Repercusións económicas: Custo do desprazamento ¿ Profesorado responsable: docente de 3º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.</p>			X

Observacións:

Todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado así como a saír da rutina.

Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real .

A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar.

Agora ben, é preciso que estas sexan escollidas adecuadamente, sexan motivadoras e se adapten ao nivel de comprensión do alumnado.

Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades:

-Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado. Nela dáselle información do tema e propóñense tarefas para desenvolver durante a actividade.

-Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información.

-Xa na aula unha terceira fase de feed-back para comprobar o resultado da experiencia.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

Presentación dos contidos (conceptos, procedementos e actitudes)
Metodoloxía empregada
Motivación inicial do alumnado
Instrucións, aclaracións e orientacións ás tarefas do alumnado
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Actividades na aula
Recursos e organización da aula
Medidas de atención á diversidade
Tense en conta a diversidade
Clima de traballo na aula
Clima da aula
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Seguimento control do proceso de ensino-aprendizaxe

Descrición:

O proceso de avaliación ten un carácter continuo e comprende tres funcións básicas, referidas a unha fase concreta ou momento determinado do proceso avaliativo:

I. **Avaliación inicial:** ten lugar antes do comezo do plan ou programa e permite coñecer a realidade educativa e as necesidades do contexto do que se deriva a intervención. É a realizada como fase previa á elaboración desta programación.

II. **Avaliación Formativa:** ten lugar durante a implantación de dito programa e proporciona información durante o desenvolvemento do proceso para efectuar os cambios e axustes necesarios.

Para realizar a avaliación e seguimento da presente programación, en cada reunión mensual do Departamento os membros, irán valorando as adaptacións feitas na mesma, de forma que os problemas atopados poderán ser solucionados sobre a marcha. Unha vez ó mes este seguimento, coas modificacións realizadas, farase constar na acta das reunións.

III. **Avaliación Final:** Determina o alcance dos resultados acadados ó remate do proceso. A finalidade é medir a funcionalidade do plan ou programa no seu conxunto e as posibles modificacións para conseguir unha mellora.

Para realizar as distintas fases de avaliación e poder detectar as posibles modificacións, os membros do Departamento no seu conxunto valorarán os resultados obtidos polos alumnos e alumnas dos distintos cursos e materias, o grao de cumprimento dos obxectivos xerais e por cursos, e unha enquisa sobre a práctica docente cuberta polo alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará de xeito continuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc...todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación PROENS por avaliación trimestral, recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Toda esta información xunto coa referida aos contidos, metodoloxía, avaliación, etc., será valorada polo docente e os/as membros do Departamento indicando, sobre todo, as posibles

razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.). De todo isto se elaborará un informe detallado nas actas do departamento.

Para avaliar o proceso de ensino deben empregaranse os indicadores de logro establecidos na programación e comprobar o seu grao de cumprimento.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora que fosen necesarias poñer en práctica nos cursos sucesivos, procurando ir axustando a programación á temporalidade e á realidade.

9. Outros apartados

1. Plan de fomento da lectura

Na aula desenvolveranse estratexias de comprensión lectora como as seguintes: - Lectura en voz alta. O alumnado lerá por quenda en voz alta, diferentes parágrafos, ben do libro de texto, ben de artigos de xornais ou outro tipo de textos aportados polo profesorado. O docente realizará a continuación una serie de preguntas, para comprobar o grao de comprensión adquirido pola clase. - Lectura en voz baixa. Lectura individual dalgún texto, sobre o cal o alumnado realizará actividades escritas que servirán para coñecer o nivel de comprensión acadado. - Narrativa. Utilización da novela histórica para reforzar ou complementar algunha das unidades didácticas máis áridas.

2. Tratamento do fomento das TICs. Plan Dixital

Colaboramos na aplicación do Plan Dixital existente no centro, fomentando o uso das novas tecnoloxías e de tódalas posibilidades que nos ofrecen. Algúns dos usos das TIC que temos previsto facer son os seguintes: - Busca de información en páxinas web, para completar traballos: de investigación para expoñer na aula, sobre diferentes personaxes, feitos históricos... - Uso de programas informáticos como Power Point, Canva, Clipchamp... tanto por parte do profesorado como do alumnado. - Uso do encerado dixital e da aula de informática. - Uso dalgunha aplicación de móbil que sirva para practicar calquera dos contidos ou habilidades pertencentes ás materias. - Uso da plataforma EDIXGAL. - Uso de tódolos materias que se faciliten ao centro en caso de entrar a formar parte do programa Polos Creativos, para o cal fixemos achegas dende este departamento.